

PISCINA, SPA E XIMNAIO MUNICIPAIS DE CALDAS DE REIS

1. - Para acceder ás instalacións é imprescindible presentar o carné de abonado, presentar o bono para ser ticado ou adquirir a entrada correspondente. O carné e os bonos son personais e intransferibles. O persoal da instalación poderá requirir ó usuario a súa identificación, para o cal será preciso presentar ademáis o DNI ou pasaporte.

2. - Os usuarios deberán respectar en todo momento as instalacións e o seu material, que son de titularidade pública. Así mesmo colaborarán no mantemento de un ambiente de convivencia agradable. Para elo axudarán no posible á súa limpeza, evitarán correr e berrar e en xeral esforzaranse por cumprir as normas.

3.- O Concello de Caldas de Reis e a empresa adxudicataria do servizo non se farán responsables da perda ou estravío de obxectos personais. Recoméndase acudir á instalación cos útiles, prendas e efectos personais imprescindibles. En todo caso os usuarios dispoñen de taquillas para deixar as súas pertenzas. Ó solicitar unha chave será preciso deixar unha fianza mínima de 2 Euros. Unha vez gardadas as pertenzas, a chave deixarase no colgador do acceso ó vaso.

4.- Os nenos menores de doce anos non poderán acceder ás instalacións por libre se non están acompañados de un tutor.

5.- Está prohibido fumar e comer en toda a instalación.

6. - O usuario poderá presentar as súas suxerencias ou queixas sobre o funcionamento do servizo no buzón de suxestións

ENTRADAS

1.- Para acceder á instalación (piscina spa ou ximnasio) pode adquirirse unha entrada no momento que se desexe, tendo en conta que o acceso estará condicionado ó espazo dispoñible segundo a lexislación vixente.

2. - A entrada dá dereito á utilización da piscina e o ximnasio durante unha hora.

3.- Durante todo o horario de apertura da instalación existirá polo menos unha pista para nado libre. O cuadrante horario de pistas libres estará exposto no taboleiro de anuncios.

4.- Para garantir a seguridade, as persoas que non saiban nadar ou padezan algunha doenza que conleve risco, deberán advertir previamente ó persoal.

ABONADOS

1.- Os abonados de temporada son un xeito de fidelizarse á instalación pagando unha cota fixa mensual que permite acceder a diferentes servizos.

2.- Avantaxes dos abonados:

- Utilización das instalacións en todo o horario de apertura.
- Utilización do spa en todo o seu horario de funcionamento.
- Prezos reducidos nas tarifas das diferentes actividades acuáticas.
- Prezos reducidos nas tarifas das diferentes actividades en seco.

3.- Para inscribirse como abonado da instalación deberase cubrir a folla de solicitude e abonar a matrícula correspondente xunto ca primeira cota.

4.- O pagamento das cotas mensuais realizarase por domiciliación bancaria. Se a entidade bancaria devolve o recibo, para continuar sendo abonado, o interesado deberá facer o ingreso e entregar o xustificante na instalación.

5. - Cando o abonado desexe causar baixa deberá comunicalo por escrito solicitando o impreso correspondente e devolvendo o carné durante o mes anterior ó que non queira continuar. Así mesmo no caso de que un abonado realice algún cambio nos datos persoais ou bancarios deberá comunicalo por escrito na recepción.

NORMAS DA PISCINA

1. - Está prohibido o acceso á zona de baño con roupa ou calzado de rúa.

2. - É obrigatorio o uso de gorro de baño e chanclas limpas sen excepción. Recoméndase o uso de gafas de natación e albornoz ou toalla.

3.- É obrigatorio ducharse antes de entrar no vaso.

4.- Está prohibido cuspir ou mexar no vaso, así como mastigar chicle.

5.- Non se permite a utilización de material como colchonetas, flotadores, aletas, gafas de cristal, etc. sen a autorización expresa do persoal da instalación.

6.- Evitaranse os obxectos coma cadeas, reloxos, pendentes ou calquera outros que poidan provocar accidentes na auga.

7.- Está prohibido saltar á auga de calquera xeito, a excepción dos grupos de aprendizaxe por indicacións do profesor.

8.- Está prohibido sentarse nas corticeiras, dar caladas ou realizar calquera outra actividade perigosa.

9.- Está prohibido correr polos vestiarios e a praia.

10. - Os menores de 12 anos deberán estar acompañados de un tutor ou persoa responsable cando vaian a nadar por libre.

11. - Os bañistas deberán utilizar a pista asignada, nadar sempre pola parte dereita da pista e tratarán de non estorbar ós demais usuarios.

NORMATIVA DA SALA DE FITNES

1.- É obrigatoria a utilización de roupa e calzado deportivo.

2.- É obrigatoria utilización de unha toalla individual que evite o contacto do corpo cas superficies dos bancos.

3.- Ó traballar con pesos libres, non está permitido deixar caer as barras ou mancornas ó chan.

4.- Ó rematar o traballo o usuario debe recoller o material.

5. - O usuario debe asegurarse de coñecer o funcionamento das máquinas e a idoneidade das cargas a realizar. De non estar seguro debe solicitar asesoramento. Consultar o horario do monitor.

6. - En caso de traballar con pesos libres é, recomendable contar ca colaboración de algún axudante.

7.- Non está permitido o acceso a menores de 14 anos.

NORMAS DO SPA

1. - Antes de facer uso do Spa o usuario debe consultar co seu médico.

2.- Non está permitido o acceso ó Spa a menores de 16 anos.

3.- O usuario deberá colaborar no mantemento de un ambiente agradable e relaxado.

3.- Recomendase seguir as indicacións, contraindicacións e recomendacións de cada elemento do Spa. É obrigatorio cumprir as normas.

3.1.- Na Sauna é obrigatorio utilizar unha toalla que evite o contacto directo da pel ca superficie do banco. Non está permitido verter auga sobre as pedras. Está prohibido afeitarse ou depilarse e non debe accederse con reloxos ou xoias.

3.2.- Na Bañeira de Hidromasaxe é obrigatorio o uso de gorro de baño. É preciso extremar as normas de hixiene: ducharse antes de entrar, eliminar restos de cremas e maquillaxes. Está prohibido cuspir e mexar.

3.3.- No Baño de Vapor é obrigatoria a utilización de bañador e chanclas.